

O semáforo

O semáforo
é un couso
medio garda,
medio guía,
medio monstro,
medio espía.

O semáforo
é un ollo
matemático,
inflexibel,
inhumano,
case terrible.

O semáforo
é unha flor
ateigada
de ledicia,
traşpasada
de color.

Os sinais
do semáforo:
verde-chumbo
e vermellón
ditan leis
ao peatón,
ao turismo
e ao camión.

O semáforo
é unha luz,
unha acesa
claridade
que ilumina
docemente
a tristura
da cidade!

O autobús

O autobús é grandón
e vai cascado e velliño:
ou mete un acelerón
ou anda devagariño!

Anda solemne e formal.
Mete bruído ao frear.
Case nunca é puntual:
sempre nos fai agardar!

Anda cheo como un ovo.
Corre que non pode máis.
O vello autobús foi novo
e hoxe é vello de máis...!

O autobús baixa e sobe,
ás veces até fumega.
Semella que non se move,
pero chegar sempre chega.

O autobús cheira a borra,
a humanidade e a ferro.
O día que o autobús morra
heille asistir ao enterro!